

**Resolución do 14 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca o programa Aulas de emprendemento na formación profesional en centros públicos que imparten ciclos medios e superiores de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o ano 2022.**

No Plan de Modernización da Formación Profesional do Ministerio de Educación y Formación Profesional, propone unha conversión da Formación Profesional a través de varios pasos, entre eles a incorporación da dixitalización, a innovación e o emprendemento no sistema de Formación Profesional. Para elo, as actuacións centraranse en varios ámbitos estratéxicos, entre os que se atopan a posta en funcionamento de aulas de emprendemento en centros nos que se imparten ensinanzas de formación profesional.

Na nosa comunidade, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dentro do Plan de difusión e orientación para a adquisición e recoñecemento das competencias profesionais, desenvolve os programas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego. En particular, o Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, eduemprende, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade transmitirá á comunidade educativa para impulsar a creación de riqueza e postos de traballo, fortalecendo o tecido produtivo e unha maior oferta de servizos e produtos para a sociedade e os consumidores. O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

A presente actuación, aulas de emprendemento, enmárcase nesta estratexia de fomento do emprendemento.

Esta actuación establecese dentro da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o *Ministerio de Educación y Formación Profesional* para o desenvolvemento do *Plan de Formación Profesional para el crecimiento económico y social y la empleabilidad* enmarcado na segunda fase do Plan Estratégico de la Formación Profesional, na *Agenda 2030* e nos *Objetivos de Desarrollo Sostenible del Estado*.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral,

DISPÓN:



## Artigo 1. Obxecto da convocatoria.

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa *Aulas de emprendemento na formación profesional* no ano 2022 e establecer as bases de participación nel dos centros educativos, que no caso de ser seleccionados pasarán a formar parte da Rede de Aulas de Emprendemento, que ten os seguintes obxectivos:

1. Coordinar a actividade emprendedora nos centros educativos que teñen Aula de emprendemento.
2. Potenciar desde as ensinanzas de Formación Profesional os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas, facilitando espazos e colaboración para apoio de iniciativas emprendedoras dende os centros educativos.
3. Promover o intraemprendemento como marca do alumnado de Formación Profesional, capaz de contribuír á xeración de valor nas empresas.
4. Promover o emprendemento social entre o alumnado de formación profesional.
5. Ofrecer un marco de traballo colaborativo e de difusión de actividades e iniciativas para todos os centros educativos con Aula de emprendemento.
6. Facilitar a formación necesaria ao profesorado e ao alumnado de Formación Profesional en materia de emprendemento.
7. Celebración de diferentes accións de emprendemento para o alumnado de Formación Profesional.
8. Promover relacións con institucións, empresas ou outras entidades colaboradoras que participen en iniciativas emprendedoras.

## Artigo 2. Destinatarios.

Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que impartan no curso 2021/22 ensinanzas de ciclos medios e superiores de formación profesional, e non foran seleccionados na resolución do 24 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se resolve a convocatoria do programa Aulas de emprendemento na formación profesional en centros públicos que impartan ciclos medios e superiores de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o ano 2021.

## Artigo 3. Definición do programa.

O programa *Aulas de emprendemento na formación profesional* ten como obxectivo a creación dunha Rede de Aulas de Emprendemento para o desenvolvemento de actividades de emprendemento nos centros educativos



públicos que impartan ensinanzas de grao medio ou superior de formación profesional, para canalizar as iniciativas emprendedoras do alumnado do centro educativo, e en particular do alumnado que está próximo a finalizar os ciclos, mediante un sistema de orientación, guía e titoría das ideas emprendedoras aportadas polo propio alumnado.

Polo tanto, trátase de ofrecer un soporte administrativo, técnico e de infraestruturas nas primeiras fases dun proxecto emprendedor, similar ao dun marco de desenvolvemento dunha startup.

Con este programa preténdese desenvolver accións nas que o alumnado de ciclos formativos de Formación Profesional de centros educativos galegos, e alumnado titulado neses centros reciba o asesoramento e axuda necesarias para poñer en marcha o seu proxecto empresarial. Por tanto nel desenvolveranse accións formativas, de asesoramento, e de desenvolvemento dos estudos e informes previos á posta en marcha do proxecto. Se o proxecto alcanzase un nivel de madurez suficiente para a súa posta en marcha e requirise dun espazo para o seu desenvolvemento, desde a aula faranse as xestións necesarias para a súa integración nun viveiro da Rede de viveiros de empresa do programa eduEmprende.

Polo tanto, para poder desenvolver ditas actuacións (formación, asesoramento, desenvolvemento e acompañamento na elaboración de estudos, informes, xestións e trámites) :

- Contarase cos espazos, mobiliario e equipamentos necesarios para cumplir dito cometido, a través dun ambiente propicio e dinámico que permita abordar as iniciativas emprendedoras (traballo creativo e en equipo, adaptado aos novos modelos empresariais,...)
- Focalizaranse as actividades formativas no desenvolvemento das habilidades e competencias que o alumnado debe adquirir para ter un enfoque emprendedor: habilidades persoais, sociais, de relación, de comunicación, de definición de produto, de desenvolvemento de prototipos, de propostas, ...
- As actividades deberán integrarse na programación e planificación de actividades do centro, e no proxecto educativo do centro, e polo tanto contar así coa implicación dos distintos departamentos de dito centro.
- A persoa responsable da aula de emprendemento será un docente, que disporá no seu horario de como mínimo tres horas semanais de dedicación ao desenvolvemento das actividades da aula.



Estas aulas formarán a Rede de Aulas de emprendemento e integraranse na rede de viveiros do programa eduEmprende, como aulas de emprendemento asociadas aos viveiros da rede.

#### **Artigo 4. Candidaturas.**

1. A solicitude será presentada por un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no que se impartan no curso 2021/22 ensinanzas de ciclos medios e superiores de formación profesional. Os centros solicitantes presentarán unha única solicitude.
2. Un docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinación do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular coa consellería, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e realización do traballo en equipo.
3. Os centros seleccionados na resolución do 24 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se resolve a convocatoria do programa Aulas de emprendemento na formación profesional en centros públicos que impartan ciclos medios e superiores de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o ano 2021, non deberán presentar solicitude na presente convocatoria, dado que se atopan integrados na rede de aulas de emprendemento de acordo á selección convocada no ano 2021. Se algúns destes centros considerase oportuno non continuar na rede de aulas de emprendemento, deberá dirixir escrito motivado a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, indicando as causas de dita renuncia, dentro do prazo desta convocatoria.

#### **Artigo 5. Prazo de presentación.**

1. As solicitudes de participación presentaranse no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.es/fp>).
2. Dirixiranse á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentaranse obligatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Xunto coa solicitude achegaranse tanto o Anexo I como a documentación xustificativa segundo o establecido no artigo 6.



Para a presentación das solicitudes poderá emplegarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365(<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico sxfp@edu.xunta.gal nos prazos establecidos para a presentación.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe de centros presentados a esta convocatoria na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.es/fp>). Nesa mesma listaxe requirirase aos centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento esixido para que, nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, emenden ou completen a documentación da súa solicitude. De non facelo, entenderanse por desistidos da súa solicitude.

## Artigo 6. Documentación.

Para participar neste programa é necesario presentar a seguinte documentación:

1. Solicitud, segundo o modelo do Anexo I.
2. Descripción do proxecto de aula seguindo os apartados establecidos no Anexo II. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e interlixado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.

## Artigo 7. Desenvolvemento do programa.

O programa Aulas de emprendemento na Formación Profesional desenvolverase atendendo ás seguintes fases:

1. Presentación de solicitudes segundo se recolle no artigo 4.
2. Publicación da listaxe provisional de centros presentados.
3. Publicación dos centros seleccionados nesta convocatoria.
4. Desenvolvemento do proxecto nos centros educativos desde a data de publicación dos centros seleccionados.
5. Finalización dos proxectos e entrega das memorias e da documentación xustificativa, ata o 23 de decembro de 2022.



## Artigo 8. Comisión de selección.

1. Unha vez pechado o prazo de admisión de solicitudes a comisión de selección avaliará as solicitudes presentadas segundo os criterios que figuran no artigo 9.
2. A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros:
  - A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como presidente/a.
  - 3 xefes/as de servizo da Subdirección Xeral de Formación Profesional.
  - Unha persoa asesora de Centros Integrados de Formación Profesional da Subdirección Xeral de Formación Profesional.
  - Asesores/as de Emprendemento da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

Unha das persoas asesoras actuará como secretario/a.
3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

## Artigo 9. Criterios de valoración.

Para a valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios ata un máximo de 100 puntos.

1. Que a proposta presentada no proxecto impacte no aprendizaxe integral do alumnado traballando principalmente a competencia SIEE (sentido de iniciativa e espírito emprendedor), implicando e motivando ó alumnado e analizando a experiencia emprendedora entre o alumnado, docente/s e centro educativo, para o desenvolvemento da mesma (25 puntos).
2. A integración de formulacións novas na práctica docente para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe referido á integración da cultura emprendedora no centro educativo, valorando: recursos didácticos empregados, a aplicación nova e orixinal na práctica docente e as posibilidades de avaliación (25 puntos).
3. A xustificación da participación de profesorado dos departamentos de Formación Profesional do claustro na posta en práctica de tarefas relacionadas co emprendemento na aula (25 puntos).
4. O impacto social na cultura emprendedora do proxecto, para a medida do impacto analizarase a capacidade de xerar a participación dos distintos axentes da contorna (25 puntos).



## Artigo 10. Dotación orzamentaria.

O importe total destinado para esta convocatoria será de 300.000,00 € (trescentos mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.422M.640.20 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos de 2022. O gasto que se proxecta está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2022.

Os proxectos nos centros seleccionados serán obxecto de financiamento con cargo ao *Plan de Formación Profesional para el crecimiento económico y social y la empleabilidad* enmarcado na segunda fase do *Plan Estratégico de la Formación Profesional do Ministerio de Educación y Formación Profesional*. Polo tanto:

- As publicacións impresas ou electrónicas e notificacións feitas por calquera medio conterán o logo institucional do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Ademais, as actuacións de comunicación, convocatoria, publicidade, resolución e notificación derivadas da achega do Estado a este programa cumplirán os requisitos de publicidade, segundo os cales en todas as actuacións que se deriven dos instrumentos contractuais ou convencionais realizados con calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, inserirse a imaxe institucional, que incluirá sempre o Escudo de España e a denominación do Ministerio, tal como se establece no Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a producción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado e, na Resolución do 28 de febreiro de 2020, pola que se actualiza o Manual de Imaxe Institucional, adaptándoo á nova estrutura de departamentos ministeriais da Administración Xeral do Estado.
- Os participantes nas actividades desenvolvidas baixo esta actuación terán que asinar o modelo de toma de coñecemento (Anexo IV).

## Artigo 11. Resolución.

1. A comisión de selección, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará ao secretario xeral de Educación e Formación Profesional, quen ditará resolución.
2. A resolución de centros seleccionados publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:  
<http://www.edu.xunta.es/fp/>



## Artigo 12. Pagamento.

1. O importe da achega económica será transferido ao centro educativo participante nun pago único, no período correspondente ao exercicio económico 2022. Os proxectos seleccionados recibirán un aporte económico de 5.000 € por aula na anualidade 2022.
2. Os gastos terán que imputarse na súa totalidade antes do 23 de decembro de 2022.

## Artigo 13. Desenvolvemento e xustificación.

1. O desenvolvemento do proxecto deberá realizarse durante o ano 2022.
2. O centro educativo participante remitirá á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (ata o 23 de decembro de 2022) a memoria final cos apartados que se indican no Anexo III.
3. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidad percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.
4. As memorias enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: [sxfp@edu.xunta.es](mailto:sxfp@edu.xunta.es). Indicarase no asunto **Memoria Aulas de emprendemento en FP 2022 – nomeCentro**.

## Artigo 14. Gastos financiables

De acordo ao establecido no *Plan do Formación Profesional para el crecimiento económico y social y la empreabilidad do Ministerio de Educación y Formación Profesional*, son gastos financiables:

1. Gastos directos en servizos, tramitados mediante externalizacións, que poidan vincularse sen dúbida coa actuación.
2. Formación metodolóxica e técnica do profesorado responsable da aula, en cuestións relacionadas co emprendemento, debidamente e formalmente tramitada como formación.
3. Estudos de viabilidade para proxectos de emprendemento desenvoltos nesta aula (informes técnicos), realizados por entidades externas.
4. Elaboración de materiais didácticos relacionados co emprendemento.
5. Mobilidade do profesorado e do alumnado desta aula, aos viveiros de empresa ou de outra entidade, vinculados a proxectos de emprendemento desenvoltos na aula.



Entre as posibles accións que se veñen desenvolvendo no Plan de Emprendemento dos centros e se poden financiar nesta actuación destácanse:

- Xornadas de emprendemento para o alumnado do centro (sensibilización, encontros con empresarios...).
- Formación relacionada co emprendemento para o profesorado implicado.
- Formación ó alumnado en soft skills.
- Concursos de emprendemento entre o alumnado.
- Presentación e defensa de ideas de negocio do alumnado.
- Asesoramento especializado de proxectos e iniciativas do alumnado que desexe emprender.
- Ferramentas de apoio a proxectos de emprendemento.

#### **Artigo 15. Compromisos dos centros educativos seleccionados coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.**

1. Os centros comprométense a desenvolver todas as actuacións incluídas no proxecto no prazo establecido.
2. A manter operativa a aula, durante un período non inferior a 5 anos desde a posta en marcha formal desta.
3. Os centros participantes comprométense a desenvolver e a colaborar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, así como á cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos dereitos de edición e difusión, e ao cumprimento das obrigacións de publicidade, comunicación e notificación derivadas da financiación deste programa por parte do Estado de acordo co establecido no artigo 10 da presente convocatoria.
4. O seguimento dos proxectos poderá incluir visitas aos centros polo persoal que determine a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
5. A condición de centro beneficiario de esta actuación implica, para os centros seleccionados, unha serie de obrigas relacionadas coa información, difusión, procedementos da xestión, xustificación técnica-económica, seguimento e verificación que recaen nas figuras do coordinador de emprendemento e na secretaría do centro.



## Artigo 16. Datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darrlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificadores das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en persoa nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema



## ANEXO I

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN AULAS DE EMPRENDEMENTO

DATOS DO CENTRO		
CÓDIGO	NOME	CONCELLO

DATOS PERSOA COORDINADORA	
NIF	CORREO ELECTRÓNICO
NOME COMPLETO	

SINATURA	
NOME DO DIRECTOR/A DO CENTRO	SINATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO



## ANEXO II

### PROXECTO AULAS DE EMPRENDEMENTO

Para as actividades desenvoltas no proxecto Aulas de Emprendemento, cofinanciado polo Ministerio de Educación y Formación Profesional no marco do Programa de Cooperación Territorial para el Crecimiento Económico y Social y la Empleabilidad, e pola Unión Europea - NextGenerationEU, polo centro <>*NomeDoCentro*<>

#### 1. Xustificación

- Describe un marco legal e teórico que xustifique o traballo a realizar para o desenvolvemento da cultura emprendedora no ámbito educativo.
- Analiza o centro educativo e a súa contorna para un mellor entendemento do contexto de partida e características propias.
- Describe o ambiente de trabalho e estudio que contemple a dimensión física (infraestrutura e espazos), psicolóxica (clima no que se desenvolve o proceso de ensino aprendizaxe) e social (as relacións humanas) que se dan no centro.

#### 2. Visión estratéxica e curricular da cultura emprendedora no centro

- Acenos identidade, prioridades, valores e obxectivos educativos do centro. Preguntas de apoio: *Cales son os valores, prioridades e obxectivos educativos do centro? Que se fixo ata o de agora en materia de emprendemento no centro? Contemplan a cultura emprendedora? Que define a identidade do centro?*
- Liñas e principios de actuación pedagóxicos. Preguntas de apoio: *Contempla o centro entre as súas liñas e principios de actuación pedagóxica, a aprendizaxe por competencias, a iniciativa ou capacidade emprendedora, a inclusión ou igualdade de xénero? Como? Cales son as competencias que identifica o centro como prioritarias para traballar? E a competencia "sentido da iniciativa e espírito emprendedor"? E o resto de competencias clave?*
- Plans que se desenvolven e Programas nos que se participa. Preguntas de apoio: *Que plans desenvólvense no centro? En que programas institucionais participa o centro? Vincúlanse os plans-programas? Como se interrelacionan? Que accións levan a cabo para tal fin? Como se interrelacionaron as accións en materia de emprendemento co resto de plans e programas?*

#### 3. Obxectivos xerais e específicos da cultura emprendedora

- Obxectivos xerais que se pretenden alcanzar co Proxecto Aulas de Emprendemento.
- Obxectivos específicos por niveles educativos e áreas implicadas, e os específicos do propio proxecto-aula.

#### 4. Transversalidade na cultura emprendedora no centro (alumnado, docentes, comunidade educativa, outras entidades)

- Alumnado. Describe a relación entre os diferentes niveis educativos participantes. Preguntas de apoio: *Que características ten o alumnado participante? E o do centro? Cales son os seus intereses? Que necesidades teñen? Como se adaptou o proxecto ao nivel educativo e perfil do destinatario/a? E a relación entre os diferentes niveis educativos que favorece o Proxecto Aulas de Emprendemento?*
- Docentes. Preguntas de apoio: *Como é o persoal de docentes (perfís)? E os e as docentes participantes no programa? Que intereses/motivacións teñen? Que necesidades teñen?*
- Comunidade educativa. Describe a relación proposta. Preguntas de apoio: *E os membros da comunidade educativa, por que e como é a súa participación no programa?*



- Outras persoas ou entidades. Describe a relación que se establece no programa. Preguntas de apoio: *E outras persoas ou entidades, quen e como é proposta a súa participación? Cal é a clave para que a cultura emprendedora sexa transversal no centro?*

## 5. Actuacións e accións a desenvolver

- Descripción do traballo e actuacións a realizar a través do proceso de traballo proposto polo Proxecto Aulas de Emprendemento e o propio currículo das áreas implicadas e niveis educativos.
- Descripción das actividades que teñen en conta a inclusión de valores e comportamentos sociais transformadores tendo como referencia os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Descripción das actuacións e accións a desenvolver que fomenten a cooperación do alumnado, claustro e do centro educativo, como de familias, empresas/entidades terceiro sector, institucións públicas ou outras organizacións da contorna.

## 6. Temporalización

- Achegar un cronograma que describa a planificación e xestión do tempo a empregar para a consecución dos obxectivos expostos.

## 7. Avaliación e impacto xerado na comunidade educativa

- Descripción de ferramentas e accións para avaliar a competencia "Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor" e outras competencias. (*heteroevaluación, coevaluación e autoavalía-  
ción; rúbricas, cuestionarios, rexistros, escalas, dianas de avaliación, portfolio, liñas de ava-  
liación, diarios, caderno de equipo...*)
- A medición do impacto e difusión no centro educativo e na contorna, do Proxecto de Aulas de Emprendemento de Centro.

## 8. Bibliografía

- *Aportar as fontes empregradas ou citadas durante o deseño deste traballo.*



## ANEXO III

### MEMORIA XUSTIFICATIVA TÉCNICO ECONÓMICA

As actividades desenvoltas no proxecto Aulas de Emprendemento, cofinanciado polo Ministerio de Educación y Formación Profesional no marco do Programa de Cooperación Territorial para el Crecimiento Económico y Social y la Empleabilidad, e pola Unión Europea - NextGenerationEU, polo centro <>NomeDoCentro<> foron as indicadas a continuación:

*Completar todos os apartados para cada unha das actuacións:*

#### 1. Características de la operación

Se incluirá en este apartado, información relativa al Desarrollo y cronología de la operación, a los Objetivos previstos y alcanzados en la operación, a los resultados obtenidos y al impacto de la subvención en el colectivo de actuación y en el territorio.

1. Nombre de la operación
2. Desarrollo y cronología de la operación
3. Objetivos alcanzados
4. Resultados obtenidos
5. Impacto de la subvención en el colectivo de actuación y en el territorio

#### 2. Resumen de las acciones

Se incluirá en este apartado, información relativa al desarrollo de la acción financiada, incluyendo los enlaces a documentos que se consideren relevantes; información relativa al método de gestión empleado (gestión directa, convenios, contrataciones externas, etc.); a los tipos de gastos en los que se ha incurrido y a las entidades que han participado en la ejecución de la operación.

#### 3. Listado o relación del personal que participa en la actuación

Se incluirá en este apartado la relación de personal que ha participado en la actuación, cuyo gasto se impute, indicando la entidad a la que pertenece, o ha abonado su participación, así como el tipo de participación y el porcentaje de imputación. En su caso, se indicará la referencia de la normativa aplicable sobre indemnizaciones por razón del servicio.

#### 4. Información relativa a los participantes

Se incluirá en este apartado la relación de participantes en la actuación indicando, en su caso el método de selección de los mismos, el rol de cada uno de los participantes y resto de datos que permitan establecer una pista de auditoría adecuada.

## 5. Externalización de las actuaciones

Se incluirá en este apartado, en su caso, la referencia del o de los contratos de servicios adjudicados durante la ejecución de las actuaciones financiadas, con un breve resumen del objeto del contrato de los servicios contratados.

## 6. Información sobre medidas de información, comunicación y visibilidad realizadas

Se incluirá en este apartado la información indicada, relacionada con la actuación subvencionada.

## 7. Gastos imputados mediante costes simplificados por módulo y tasa fija(15%)

Se incluirá en este apartado, en el caso de costes simplificados, información detallada sobre los cálculos realizados para determinar el importe imputado por este concepto.

En el caso de costes directos de personal a coste real, información detallada sobre los cálculos realizados para determinar el porcentaje de costes indirectos a tasa fija del 15%.

## 8. Cualquier otra información relevante sobre la actuación

<<LocalidadeDoCentro>>

O/A coordinador/a de emprendemento do centro: <<NomeDoCentro>>

<<NomeCoordinador/aDeEmprendemento>>

O/A director/a do centro: <<NomeDoCentro>>

<<NomeDirectorDoCentro>>



**ANEXO IV****TOMA DE CONOCIMIENTO DE LA FINANCIACIÓN DEL MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL**

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_

- Personal funcionario de carrera
- Personal funcionario interino ou substituto/a
- Personal laboral
- Otros

dentro del centro educativo (código-nombre del centro-localidad):

-----.

Participó en la actuación "Creación de aulas de emprendimiento en FP" en calidad de

-----.

HAGO CONSTAR, que he sido informado de lo siguiente:

- La Consellería de Cultura, Educación e Universidade gestiona fondos que forman parte de la cuantía asignada a la Comunidad Autónoma para desarrollar las actuaciones vinculadas al Plan de Cooperación Territorial Plan de Formación Profesional para el Crecimiento Económico y Social y la Empleabilidad cofinanciado por el Ministerio de Educación y Formación Profesional y por la Unión Europea a través de los fondos NextGenerationEU.
- Entre las actuaciones vinculadas a dicho Plan de Cooperación Territorial, se encuentra la creación de Aulas de Emprendimiento en Formación Profesional, a la que se ha asignado en el presente ejercicio la cantidad de 300.000,00 euros en la presente anualidad.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de 2022

<u>El/la funcionario/a - trabajador/a:</u>	<u>VºBº Autoridad competente (cargo):</u>
Fdo.: Nombre y apellidos	Fdo.: Nombre y apellidos

